

# CONVENIOS ASINADOS 2016

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2016

## PARTES ASINANTES

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Cedeira

## OBXECTO

O obxecto do convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade Auditorio Municipal de Cedeira é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que se deberá desenvolver no teatro ou auditorio Auditorio Municipal de Cedeira e que de seguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente (todo isto segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro ,de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios)

## PRAZO DE DURACIÓN

Primeiro semestre de 2016

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A contratación efectiva de cada grupo, compañía ou persoa, consonte a programación e coa contraprestación económica recollida no convenio, será competencia da AGADIC e da entidade Auditorio Municipal de Cedeira, de conformidade cos respectivos importes consignados nas columnas e as cantidades totais consignadas.

A entidade Auditorio Municipal de Cedeira comprométese ao aboamento das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade (luz, son, persoal de carga e descarga,...) conforme ao establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto coa súa proposta de participación na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de representacións/actuacións no que estea inscrito, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade Auditorio Municipal de Cedeira

En ningún caso a AGADIC adquire, coa sinatura deste documento, ningún tipo de relación laboral nin coa entidade Auditorio Municipal de Cedeira nin co persoal que se atope ao seu servizo, senda por conta desta o cumprimento de calquera obrlga fiscal, así como das dlsposl"ció ns vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo. Será responsablidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obrlga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

AGADIC: 9.886,88 €

ESPAZO: 6.591,26 €

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA

## **PARTES ASINANTES**

Asociación Escala de Música Vila de Cedeira e Concello de Cedeira

## **OBXECTO**

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para axudar a sufragar os gastos directos inherentes á promoción e mantemento dos estudos musicais.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor a do 1 de xaneiro de 2016 e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro do ano da sinatura, podendo ser o mesmo prorrogado por mutuo acordo das partes e, en todo caso, de forma expresa logo de acordo de órgano municipal competente, por períodos anuais, ata un máximo de catro anos.

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Obrigas do beneficiario. A entidade virá abrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a xustificar que se acha ó corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello, ca Xunta de Galicia e co Esto e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

As asociacións deberán facer constar nos seus impresos e nas súas actividades subvencionadas a colaboración do Concello de Cedeira no financiamento dos mesmos.

As asociacións asinantes comprométense a efectuar os trámites necesarios para a obtención de subvencións de outras administracións públicas para o financiamento da Escala de Música. En caso de obter financiamento para a mesma finalidade, procedería o reaxuste da subvención municipal

Dentro das abrigas dos beneficiarios está responder dos gastos de persoal da Escala de Música sen que este persoal teña vinculación algunha co Concello de Cedeira

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello de Cedeira comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha porcentaxe

de 65% do gasto obxeto do convenio cun máximo anual de 32.000,00 €. Esta achega económica poderá ser revisada, nas posibles prórrogas do convenio, conforme establezan os Presupostos da Corporación.

## **NOME DO CONVENIO**

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA, A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE CREAR O "MUSEO MARES DE CEDEIRA"

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira, Confraría de Pescadores de Cedeira e a Asociación Mares de Cedeira

## **OBXECTO**

Establecer as canles de colaboración para a creación dun Museo do Mar nun lugar físico determinado, que presente a través das pezas expostas, as raíces da principal actividade económica do pobo de Cedeira, e que axude ao mesmo tempo, ao desenvolvemento de actividades de información e formación dirixidas a escolares e visitantes sobre das actividades da pesca de baixura, o marisqueo e outras actividades relacionadas ca mundo do mar, utilizando como principal instrumento a experiencia dos propios actores da pesca.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

A duración deste acordo será de catro anos a contar dende a data da súa sinatura (9 de febreiro de 2016), quedando ao seu termo prorrogado por períodos sucesivos de igual duración, tendo como vixencia máxima o término da concesión, isto é o 06/06/2027 sempre que non medie denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con seis meses de antelación, ou se dea por terminado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A Confraría de Pescadores de Cedeira, é concesionaria do edificio denominado "Casa del Pescador" sito na estrada do porto, no núm. 1 da calle de Camiño de Arealonga na Villa de Cedeira, sito na planta baixa, ala esquerda do edificio CASA DEL PESCADOR atópase un local de 440,90m<sup>2</sup> de superficie. Dita concesión foille outorgada con data do 4 de xuño do ano 2012 polo Presidente do ente público Portos de Galicia segundo documento de "Outorgamento á Confraría de Pescadores de Cedeira da concesión administrativa para a ocupación da casa do Pescador con destino a usos múltiples no dominio público portuario do Porto de Cedeira", por un período de 15 anos, isto é ata o 06/06/2027.

A condición particular 6ª do outorgamento da concesión establece que o concesionario poderá explotar actividades incluídas na concesión a través de arrendamentos parciais a terceiros permitida na lexislación vixente por un prazo que non exceda o da concesión, sempre que dita arrendamento sexa autorizado, previa e expresamente, por Portos de Galicia.

Portos de Galicia non asume ningunha responsabilidade derivada da información transmitida entre as partes no marco de tratos precontractuais realizada en orden á sinatura do contrato de cesión e que a autorización deste contrato non exime as partes da obtención doutras licencias, permisos e autorizacións a expedir por outras administracións, particularmente a

municipal. A concesión implica que o concesionario xestionará a actividade da concesión ó seu risco e e ventura. Partos de Galicia en ningún caso será responsable das abrigas contraídas nin polo concesionario nin dos danos e prexuízos causados por estes a terceiros.

Tanto o concesionario como o cesionario quedan abrigados a aboar as taxas portuarias e de calquer facenda respecto das que sexan suxeitos pasivos.

Débase facer constar que a Administración portuaria non é parte nestes contratos, e que estes non resultan opoñibles fronte a ésta, polo que a extinción por calquer causa da concesión implicará a rescisión automática de pleno dereiro destes contratos.

A Confraria de Pescadores de Cedeira porá a disposición do Museo, o espazo físico no que se instalará , e realizará as xestións necesarias diante das organizacións pesqueiras e administracións do sector, para a concesión de axudas para a instalación e mellara do Museo e das pezas que nel se expoñan.

Concretamente, o espazo físico que a Confraría de Pescadores porá a disposición do Museo correspóndese con unha parte do baixo esquerdo sito no Edificio da Casa do Pescador (cunha superficie aproximada de 320 m<sup>2</sup>), previa autorización de Partos de Galicia, e no seu caso, polo tempo que dita autorización o permita. Se por calquera circunstancia, dita local houbera que deixar de utilizalo, a Confraría non está abrigada a poñer a disposición do Museo un novo local, ni tampouco terá que facer fronte a ningunha indemnización por calquera tipo de obra de acondicionamiento, instalación ou mellara que se realice no mesmo. Será necesario o previo consentimento escrito tanto da Confraría como de Portas de Galicia, para o inicio das obras de acondicionamento ou reformas que se vaian a realizar no local.

O Concello de Cedeira habilitará as subvencións propias que poida destinar ao Museo na contía necesaria, e realizará xestións diante das administracións tanto do sector pesqueiro como doutros organismos da administración pública e GAC, para a solicitude de axudas para a instalación e mellora do Museo e das pezas que nel se expoñan. Así mesmo, cederá o mobiliario que considere oportuno para a exposición das pezas

A Asociación Mares de Cedeira, será a encargada da instalación do Museo, e será a responsable da xestión do mesmo, consecución de pezas para expoñer, organización das visitas, preparación e realización de diferentes talleres e dos horarios de apertura e peche das instalacións do Museo. Se implicará así mesmo na solicitude de axudas e subvencións que lle correspondan.

Os organismos e asociacións sinantes do acordo, decidiran sobre as diferentes propostas que en cada momento lles presenten os responsabeis da xestión do Museo (seguro, fondos propios, novas adquisicións, etc), sen que poidan supoñer un compromiso de gastos adicionais.

A Confraría de Pescadores de Cedeira non será responsable da seguridade do local nin do seu contido, non estando obrigada a concertar ningún tipo de seguro ou seguridade ao respecto, correspondendo a custodia do contido do Museo á Asociación Mares de Cedeira. Tampouco a Confraría nin o Concello serán responsables dos gastos de calquera natureza ocasionados polo desempeño da actividade da Asociación , nin do seu inicio ou cese.

Si por calquera circunstancia cesa a actividade do Museo, cada parte faráse cargo dos elementos da súa propiedade, facéndoo o Concello daqueles elementos novos, por donacións, regalos, adquisicións, etc., realizadas ao Museo unha vez iniciada a actividade. Neste suposto, o local quedará libre e expedito no prazo de 3 meses. Cada parte faráse cargo dos gastos que

se ocasionen pola retirada e custodia dos elementos que a ela lle correspondan. A Contraría ao finalizar o citado prazo retomará a posesión do local e non será responsable dos bens ou elementos que puideran continuar no mesmo.

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente acordo marco (publicidade, comunicación, información, folletos, etc.) figurará, de forma expresa, os nomes e os logotipos do Concello de Cedeira, Confraría de Pescadores de Cedeira e Asociación Mares de Cedeira.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Non constan asinadas no acordo marco.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DUN LIBRO

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e D. Jose Francisco Canosa Martínez

## **OBXECTO**

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de publicación do libro Guía Geolóxica de Siete Georutas en el Concello de Cedeira

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente Convenio terá duración anual durante o exercicio 2016, sen perxuício que se admitan que o gasto fose do exercicio 2015.

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Jose Francisco Canosa Martínez encargárase da elaboración, diseño, maquetación, publicación e imprenta do libro Guía Geolóxica de Siete Georutas en el Concello de Cedeira senda pala súa conta calquera dos custos inherentes ao anterior. Tamén o beneficiario será responsable da distribución dos libros e percibirá os ingresos correspondentes á venda dos libros e liquidará o IVE correspondente.

O Concello terá dereito a 42 libros na edición en castelán e 43 en galega sen custo para o Concello e que poida empregar para as atencións representativas que considere oportuno.

Do mesmo modo a entidade virá abrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sexta do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

En calquera caso, de superar a totalidade de ingresos o custo total da realización do libro, terá a obriga de reintegrar a parte proporcional.

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar publicación do libro cunha aportación de OITOCENTOS EUROS (800,00 €)



## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN APADER PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

## **PARTES ASINANTES**

Concello de cedeira e asociación APADER

## **OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto declarar a necesidade social de establecer unha colaboración institucional entre o Concello de Cedeira e a Asociación APADER, resaltando a importancia que para as dúas entidades representan a integración e normalización na comunidade das persoas con discapacidade intelectual

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Este convenio terá una duración de catro anos -salvo denuncia de calquera das partes formalizada por escrito cun mes de antelación- en tanto en canto permaneza a actividade social da Asociación APADER e poderá ser desenvolvido posteriormente en documentos reitores que se poidan subscribir para a realización de actividades concretas.

Data da firma do convenio: 14 de abril de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non consta

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

APADER manifesta o seu ammo de poner os seus medios materiais e humanos de atención á discapacidade intelectual a disposición de cantas iniciativas promova o goberno local e fomenta a formación, atención, asistencia e previsión laboral e educativa ás persoas con discapacidade intelectual, priorizando conforme ao esixido nos estatutos de APADER, ás persoas procedentes do medio rural e de ambientes socioeconómicos deprimidos.

O Concello de Cedeira, recoñece a importancia do labor social que realiza APADER e amasará o seu apoio no desenvolvemento das súas actividades ocupacionais, residenciais e formativas. Dita colaboración poderá establecerse mediante o desenvolvemento deste convenio librando partidas orzamentarias ou poñendo a disposición da Asociación APADER os medios e instalacións municipais para a realización de actividades que redunden no desenvolvemento global, no benestar e na calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, así como a aplicación de plans de equipamento ou infraestruturas futuras.

O Concello de Cedeira deixa aberta a posibilidade de solicitar á Asociación APADER colaboración para solventar situacións que requiran a atención directa a persoas con discapacidade intelectual do Concello

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello poderá librar partidas orzamentarias.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DIFUSIÓN CINEMATOGRAFICA CINEMAS DE GALICIA

## **PARTES ASINANTES**

Concello de cedeira e Axencia Galega das Industrias Culturais

## **OBXECTO**

E entre os fins que se recollen na Lei de creación da Axencia das Industrias Culturais está fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galega outro dos fins da Agadic é estreitar a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia e os axentes privados, de acordo cos principios de subsidiariedade e complementariedade, para aproveitar as sinerxias, incrementar as posibilidades de financiamento e acadar ruma maior calidade eficiencia na acción cultural.

Entre as funcións que se definen na devandita Lei está o promover a comercialización e distribución dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos.

As dúas entidades consideran que o proxecto CINEMAS DE GALICIA cumpre os obxectivos descritos anteriormente

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 15 de decembro de 2016.

Data da firma do convenio: 26 de febrero de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A Axencia Galega das Industrias Culturais adquire os seguintes compromisos:

- Coordinar o proxecto Cinemas de Galicia no seu conxunto, e designar un responsable de coordinación global do proxecto que recibirá os informes sobre a marcha do programa e prestará asesoramento e colaboración no seu desenvolvemento
- Ofertar un catálogo de películas formado por:
  - Filmes galegos en fase comercial
  - Filmes europeos (incluído cine español) avalado por premios ou outros recoñecementos
- Financiar o 50% dos dereitos de exhibición das películas
- Negociar con produtoras e distribuidoras prezos unificados e especiais

- Habilitar un espazo Web no que acceder á programación, tráileres e plataformas para visionado previo. Neste espazo informarase de todos os aspectos relacionados coa contratación dos pases.
- Definir a marca, executar os plans de lanzamento e promoción e facilitar as ferramentas de difusión (cartelería, publicidade, Web, redes sociais...)
- Elaborar informes de resultados e estatísticos

O Concello de Cedeira adquire os seguintes compromisos:

- Nomear, por parte do Alcalde do Concello, unha persoa responsable que asumirá as seguintes funcións:
  - o Realización dos trámites pertinentes requiridos polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) para declarar oficial o cómputo de taquilla mediante inscrición no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais , así como a calificación por idades marcadas polo ICAA. Para a realización de ditos trámites precísase sinatura dixital.
  - o Programar segundo o catálogo ofertado, coas seguintes condicións:
    - En ningún caso os filmes non galegos poderán superar as películas galegas.
    - A Agadic participará como máximo na financiación de unha proxección a semana, e a programación que exceda este límite será financiada na súa totalidade polo Concello
  - o Organizar e dinamizar o proxecto no ámbito do Concello.
  - o Traslado periódico de información a Agadic sobre a marcha das actividades realizadas e elaboración dun informe final.
- Facilitar o espazo de proxección e persoal suficiente para levar a cabo a actividade: recadación de taquilla, encargado de proxección, acomodación de público e/ou o que o Concello estime pertinente.
- Acreditar o certificado de alta expedido polo ICAA para declarar o espazo como sala de exhibición homologada .
- Asumir o 50% do financiamento dos dereitos de exhibición.
- Asumir a totalidade dos gastos xerados polo transporte das películas.
- Organizar a venda de localidades, e ingresar as cantidades recadadas.
- Establecer un prezo taxado de 3 euros por entrada (incluído IVE)
- Difundir a actividade, publicitar a nivel local e promover a participación do público local.
- A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polo Concello.
- O Concello designará o persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará as actividades, xestionando calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución.
- O Concello comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia), no desenvolvemento das actividades conveniadas

## OBRIGAS ECONÓMICAS

Para a realización da actividade conveniada a Agadic comprométese a chegar ao Concello de Cedeira o importe correspondente ao 50% dos custos dos dereitos de exhibición correspondentes as película programadas. A efectos da cofinanciación, os períodos de programación dividiranse do seguinte xeito:

Primeiro período:

- o do 1 de marzo ao 30 de abril: os dereitos de exhibición corren a cargo da Agadic
- o do 1 de maio ao 30 de xuño: os dereitos de exhibición corren a cargo do Concello

Segundo período:

- o do 15 de setembro ao 31 de outubro: a cargo da Agadic
- o do 1 de novembro ao 15 de decembro: a cargo do Concello

En todo caso deberá garantizarse que o gasto de cada unha das partes sexa igual ao da outra, podendo compensarse as diferenzas do primeiro período coa programación do segundo.

A achega económica da Agadic ascenderá a un máximo de 4.200 euros, impostos incluídos, da aplicación orzamentaria 10.AI .432B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016

O pagamento por parte da Agadic farase unha vez presentada por parte do concello da documentación xustificativa en dúas fases, que se corresponderán cos dous períodos de programación financiados pola Agadic, e unha vez finalizado cada un deles. O primeiro período de programación xustificarse no mes de maio de 2016. O segundo período de programación xustificarse do día 1 ao 15 de novembro de 2016. A solicitude de pagamento deberá facerse coa entrega da seguinte documentación

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACION MARES DE CEDEIRA PARA OS GASTOS DA CREACIÓN DO MUSEO DO MAR

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Asociación Mares de Cedeira

## **OBXECTO**

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para equipamento do Museo do Mar, situado no edificio Casa do Pescador ubicado na Estrada do Porto, núm. 1 da rúa Camiño da Arealonga na Vila de Cedeira.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente convenio entrará en vigor dende o 1 de xaneiro de 2016 e manterá a súa vixencia ata o 10 de decembro de 2016

Data da firma do convenio: 14 de abril de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Obrigas do beneficiario. A entidade está obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a xustificar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello, coa Xunta de Galicia e co Estado e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A asociación deberá facer constar nos seus impresos e cartelería a colaboración do Concello de Cedeira no financiamento do equipamento do Museo.

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello de Cedeira comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha porcentaxe do 100% do gasto obxecto do convenio cun máximo de 20.000,00 € con cargo á partida 333.789.00- Museos- Outras Transferencias de capital.

A subvención non será obxecto de prórroga en exercizos futuros

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

## **PARTES ASINANTES**

Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e provincias (O Concello de Cedeira adhírese a este marco de colaboración)

## **OBJECTO**

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra - municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) que se indica a continuación:

Medios para a pesada dos RAEE recollidos.

Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.

Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais

Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente convenio marco entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2017.

O Concello de Cedeira adhírese a dito Convenio

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

a) Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1. Levar a cabo todas as actuacións precisas para a licitación, adxudicación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto do convenio, axustándose ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.

2. Comunicar á FEGAMP a adhesión de cada Entidade local que se produza.

3. Intercambiar coas Entidades locais e a FEGAMP, canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

b) Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

1. Trasladar ás Entidades locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.

2. Colaborar coas Entidades locais e coa comunidade autónoma, na mellara da eficacia da recollida selectiva de RAEE.

3. Intercambiar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas Entidades locais canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

c. Obrigas das Entidades locais que se adhiran.

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalacións do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.

2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.

3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministras.

4. Poñer en marcha, de conformidade co disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservarase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de cincocentos trinta e seis mil novecentos setenta e nove euros, con oitenta e cinco céntimos # 536.979,85 € #,coa seguinte distribución anual:

Exercicio 2016: 304.999,86 €

Exercicio 2017: 231.979,99 €

O obxecto deste convenio cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN APADER PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Asociación APADER

## **OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto declarar a necesidade social de establecer unha colaboración institucional entre o Concello de Cedeira e a Asociación APADER, resaltando a importancia que para as dúas entidades representan a integración e normalización na comunidade das persoas con discapacidade intelectual.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Este convenio terá una duración de catro anos -salvo denuncia de calquera das partes formalizada por escrito cun mes de antelación- en tanto en canto permaneza a actividade social da Asociación APADER.

Data da firma do convenio: 14 de abril de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

APADER manifesta o seu animo de poner os seus medios materiais e humanos de atención á discapacidade intelectual a disposición de cantas iniciativas prornova o goberno local e fomenta a formación, atención, asistencia e previsión laboral e educativa ás persoas con discapacidade intelectual, priorizando conforme ao esixido nos estatutos de APADER, ás persoas procedentes do medio rural e de ambientes socioeconómicos deprimidos.

O Concello de Cedeira, recoñece a importancia do labor social que realiza APADER e amasará o seu apoio no desenvolvemento das súas actividades ocupacionais, residenciais e formativas.

Dita colaboración poderá establecerse mediante o desenvolvemento deste convenio librando partidas orzamentarias ou poñendo a disposición da Asociación APADER os medios e instalacións municipais para a realización de actividades que redunden no desenvolvemento global, no benestar e na calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, así como a aplicación de plans de equiparmento ou infraestruturas futuras.

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Non existen obrigas económicas



## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río

## **OBXECTO**

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da ANPA, e en particular as seguintes actividades que organiza a ANPA:

- Actividades extraescolares
- Campamentos Picapeixe para conciliación fóra do calendario lectivo (verán, Nadal, semana santa e outros)
- Actividades organizadas no horario lectivo en colaboración co centro educativo (excursións, Día da Árbore, proxección de películas no Auditorio, etc)
- Servizo de Madrugadores

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2016

Data da firma do convenio: 30 de xuño de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan modificacións

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A entidade virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente;
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este

Concello e fronte á Seguridade Social

-A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

Unha subvención en especie de tres monitores sen titulación para a realización do Campus Picapeixe nos meses de xullo e agosto. Estes monitores son subvencionados pola Deputación Provincial e colaborarán co Campus Picapeixe que se realiza no Colexio Nicolás do Río, baixo as instrucións da ANPA, aínda que a dependencia orgánica corresponde ao Concello. O custo total estimado para os tres monitores sen titulación e dous meses e catro días de duración, e de 7.539,69 €.

Unha subvención en especie de material didáctico de ata 600,00 € provenintes da subvención concedida pola Deputación para a mesma finalidade que a sinalada no apartado anterior.

Unha subvención en especie de monitores deportivos para actividades na piscina e polideportivo municipal, por unha cantidade estimada de 32 horas para dous monitores de piscina e as taxas correspondentes cun total valorado de 3.013,17 €

Unha subvención económica anual por un máximo de 6.370,00 € para a realización das actividades da ANPA para cubrir o déficit de actividades realizadas pola asociación.

O Concello financiará mediante axudas de emerxencia social, cando proceda, total ou parcialmente as cotas polos menores declarados en exclusión social informados polos servizos sociais municipais.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A COFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO: A CULTURA DO MAR: EXALTACIÓN DOS PRODUTOS MARISQUEIROS DE CEDEIRA

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e a Cofraría de Pescadores de Cedeira

## **OBXECTO**

O presente convenio ten como obxecto establecer as canles de colaboración para solicitar unha subvención conxunta para a o proxecto A Cultura do Mar: exaltación dos produtos marisqueiros de Cedeira, a desenvolver os días 22, 23 e 24 de xullo de 2016 no Porto de Cedeira.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

A duración deste Convenio será de un ano a contar dende a data da súa sinatura, ou se dea por terminado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

Data da firma do convenio: 8 de xullo de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan modificacións

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Cada unha das partes será a encargada de contratar e xestionar e aboar os gastos que lle corresponden segundo o convenio, respectando a normativa de contratación aplicable e as bases da convocatoria da subvención.

A Cofraría de Pescadores comprométese ao seguinte:

- a) A Cofraría de Pescadores será a encargada de solicitar e xustificar a subvención conxunta ao Grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)
- b) Solicitar os permisos e autorizacións que sexan necesarias para efectuar as actuacións previstas no convenio e efectuar as liquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público que se deriven da comercialización dos produtos.
- c) Asume a organización, cobramento de ingresos e xestión e pagamento dos seguintes gastos por un importe estimado de 71.129,02 €

COMPRA PERCEBE  
COMPRA MARISCO  
COMPRA MERLUZA  
COMPRA BERBERECHO  
PAN

CARPA, MESAS E MOSTRADORES  
 SERVICIO CATERING  
 MENAXE  
 BOMBONAS  
 COMPRA VINO  
 COMPRA REFRESCO  
 REFRESCO GRANDE  
 COMPRA AGUA  
 COMPRA CERVEZAS  
 GAS TIRADOR CAÑAS  
 SERVICIO DE LIMPIEZA  
 SEGURO RESP.CIVIL  
 CONCESION PUERTOS  
 GASTOS PERSOAL VENTA DE TICKETS  
 XESTIÓN DE PRODUCTOS  
 DEPURACION DE PRODUCTO  
 VARIOS  
 TRANSPORTE BERBERECHO  
 POSIBLES GASTOS EXTRAORDINARIOS

O Concello de Cedeira comprométese a asumir exclusivamente os seguintes gastos por un total estimado de 6.855 ,36 € (sen IVE) e 8.294,99 € (IVE engadido)

Cada unha das partes non será responsable dos gastos que correspondan á outra.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello de Cedeira comprométese a asumir exclusivamente os seguintes gastos por un total estimado de 6.855 ,36 € (sen IVE) e 8.294,99 € (IVE engadido)

	IMPORTES PREVISTOS (IVE engadido)
ELECTRICIDAD E	968,00 €
PUBLICIDADE/MATERIAL DIVULGATIVO	3.714,61 €
ACTIVIDADES OCIO ACUATICAS	952,88 €
ACTUACIONES MUSICALES	1.933,50 €
SON	726,00 €

O importe sobre o Valor engadido (IVE) será subvencionable excepto cando non sexa recuperable e sexa custeado de forma efectiva e definitiva polos beneficiarios.

As subvencións serán ingresadas a cada unha das partes segundo os gastos elexibles que foran aceptados. e excederse os ingresos respecto dos custos globais da actividade, estes serán reintegrados pola Gofraría de Pescadores .

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA. CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014- 2020

## **PARTES ASINANTES**

CONCELLO DE CEDEIRA E AUGAS DE GALICIA

## **OBXECTO**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Mellara do saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña ), a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as abrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

Data da firma do convenio: 18 de xullo de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan modificacións

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade ca estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/ 2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.  
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións mereza na plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos

imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, ni nos debidos a actos vandálicos, ni nas deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

No ámbito das súas facultades, colaborar ca Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

O Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de tela sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que prodúzase, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade ca proxecto redactado. Neutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

5. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
6. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar

as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.

7. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
8. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
9. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse íntegramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 733.650, 71 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos e gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

<b>Ano</b>	<b>Importe (Euros )</b>
2016	81.516,75 €
2017	652.133,96 €

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

## **PARTES ASINANTES**

Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio e FEGAMP (Adhesión do Concello de Cedeira)

## **OBXECTO**

Solicitar a adhesión do Concello de Cedeira ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto deste convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, coa seguinte excepción:

cláusula II. "OBRIGAS DAS PARTES", apdo. c), punto 2; que se estará ao disposto na normativa en vigor.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente convenio marco entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2017.

Data da ratificación do convenio polo Pleno: 30 de maio de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan modificacións

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

a.Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1. Levar a cabo todas as actuacións precisas para a licitación, adxudicación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto do convenio, axustándose ao Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.

2.Comunicar á FEGAMP a adhesión de cada Entidade local que se produza.

3. Intercambiar coas Entidades locais e a FEGAMP, canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

b.Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

1.Trasladar ás Entidades locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.

2.Colaborar coas Entidades locais e coa comunidade autónoma, na mellora da eficacia da recollida selectiva de RAEE.



3. Intercambiar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas Entidades locais canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

c. Obrigas das Entidades locais que se adhiran.

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalacións do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.

2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.

3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministras.

4. Poñer en marcha, de conformidade co disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

#### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

1. Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservárase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 5410 623.1 a cantidade de cincocentos trinta e seis mil novecentos setenta e nove euros, con oitenta e cinco céntimos # 536.979,85 € #, coa seguinte distribución anual:

- Exercicio 2016: 304.999,86 €
- Exercicio 2017: 231.979,99 €

Este esquema de financiamento poderá axustarse se, como consecuencia das necesidades dos municipios adheridos, o crédito inicial non resulta suficiente para dar cumprimento ao obxecto do convenio en cuxo caso, se deberá formalizar a correspondente Addenda ao presente Convenio onde se modificará o importe inicialmente establecido.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2016

## **PARTES ASINANTES**

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Cedeira

## **OBXECTO**

O obxecto do convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade Auditorio Municipal de Cedeira é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que se deberá desenvolver no teatro ou auditorio Auditorio Municipal de Cedeira e que de seguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente (todo isto segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro ,de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios)

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Segundo semestre de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A contratación efectiva de cada grupo, compañía ou persoa, consonte a programación e coa contraprestación económica recollida no convenio, será competencia da AGADIC e da entidade Auditorio Municipal de Cedeira, de conformidade cos respectivos importes consignados nas columnas e as cantidades totais consignadas.

A entidade Auditorio Municipal de Cedeira comprométese ao aboamento das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade (luz, son, persoal de carga e descarga,...) conforme ao establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto coa súa proposta de participación na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de representacións/actuacións no que estea inscrito, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade Auditorio Municipal de Cedeira

En ningún caso a AGADIC adquire, coa s'nat'ura deste documento, ningún tipo de relación laboral nin coa entidade Auditorio Municipal de Cedeira nin co persoal que se atope ao seu servizo, senda por conta desta o cumprimento de calquera obrlga fiscal, así como das d'sposl"ció ns vixentes en materia laboral,de Seguridade Social e de saúde e hixiene no

traballo. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obrlga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

AGADIC: 2.093,44 €

ESPAZO: 1.736,56 €

## **NOME DO CONVENIO**

ACORDO DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

## **PARTES ASINANTES**

Concellos de Cedeira, Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira

## **OBXECTO**

Na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes acordan a solicitude conxunta da subvención destinada aos Centros de Información á Muller contida na Resolución do 1 de setembro de 2016 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, e pola que se procede a súa convocatoria para o ano 2016

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira asumen o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas estas axudas polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

Data da firma do convenio: 3 de outubro de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos vecinos e veciñas a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa .
- Valorizar os recursos disponibles

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Ortigueira e incluírá todo o relacionado cos aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

O persoal do CIM do concello de Ortigueira, asesora xurídica e psicóloga, realizarán actividades de información, asesoramento, orientación e mellora da empregabilidade e formativas dirixida a todas as persoas usuarias dos concellos agrupados. O persoal dependerá exclusivamente do concello de Ortigueira, sen que os concellos agrupados teñan ningunha vinculación legal co persoal do CIM

Esta actividade desenvolverase dende a sede do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira, situado actualmente no Centro Social, Alameda s/n da localidade de Ortigueira.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O concello de Ortigueira como representante executará a actuación e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido e Mañón prestarán colaboración técnica e administrativa e difundirán a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A COFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA COA FINALIDADE DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO PERCEBE NO 2016

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Cofraría de pescadores de cedeira

## **OBJECTO**

O presente convenio ten como obxecto establecer as canles de colaboración para solicitar unha subvención conxunta para a o proxecto A Cultura do Mar: exaltación dos produtos marisqueiros de Cedeira, a desenvolver os días 22, 23 e 24 de xullo de 2016 no Porto de Cedeira.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

A duración deste Convenio será de un ano a contar dende a data da súa sinatura, ou se dea por terminado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

Data da firma do convenio: 8 de xullo de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A Cofraría de Pescadores comprométese ao seguinte:

- A Cofraría de Pescadores será a encargada de solicitar e xustificar a subvención conxunta ao Grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)
- Solicitar os permisos e autorizacións que sexan necesarias para efectuar as actuacións previstas no convenio e efectuar as liquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público que se deriven da comercialización dos produtos.
- Asume a organización, cobramento de ingresos e xestión e pagamento dos seguintes gastos por un importe estimado de 71.129,02 €

O Concello de Cedeira comprométese a asumir exclusivamente os seguintes gastos por un total estimado de 6.855,36 € (sen IVE) e 8.294,99 € (IVE engadido)

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Cada unha das partes será a encargada de contratar e xestionar e aboar os gastos que lle corresponden segundo o convenio, respectando a normativa de contratación aplicable e as bases da convocatoria da subvención.

Cada unha das partes non será responsable dos gastos que correspondan á outra.

O importe sobre o Valor engadido (IVE) será subvencionable excepto cando non sexa recuperable e sexa custeado de forma efectiva e definitiva polos beneficiarios.

As subvencións serán ingresadas a cada unha das partes segundo os gastos elexibles que foran aceptados.

De excederse os ingresos respecto dos custos globais da actividade, estes serán reintegrados pola Cofraría de Pescadores.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río

## **OBXECTO**

O obxecto do presente convenio de colaboración é o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da ANPA, e en particular as seguintes actividades que organiza a ANPA:

- Actividades extraescolares
- Campamentos Picapeixe para conciliación fóra do calendario lectivo (verán, Nadal, semana santa e outros)
- Actividades organizadas no horario lectivo en colaboración co centro educativo (excursións, Día da Árbore, proxección de películas no Auditorio, etc)
- Servizo de Madrugadores

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2016.

Data da firma do convenio: 30 de xuño de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos no convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio



## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

- Unha subvención en especie de tres monitores sen titulación para a realización do Campus Picapeixe nos meses de xullo e agosto. Estes monitores son subvencionados pola Deputación Provincial e colaborarán co Campus Picapeixe que se realiza no Colexio Nicolás do Río, baixo as instrucións da ANPA, aínda que a dependencia orgánica corresponde ao Concello. O custo total estimado para os tres monitores sen titulación e dous meses e catro días de duración, é de 7.539,69 €.
- Unha subvención en especie de material didáctico de ata 600,00 € provenientes da subvención concedida pola Deputación para a mesma finalidade que a sinalada no apartado anterior.
- Unha subvención en especie de monitores deportivos para actividades na piscina e polideportivo municipal, por unha cantidade estimada de 32 horas para dous monitores de piscina e as taxas correspondentes cun total valorado de 3.013,17 €
- Unha subvención económica anual por un máximo de 6.370,00 € para a realización das actividades da ANPA para cubrir o déficit de actividades realizadas pola asociación.
- Concello financiará mediante axudas de emerxencia social, cando proceda, total ou parcialmente as cotas polos menores declarados en exclusión social informados polos servizos sociais municipais.

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ ROJA CEDEIRA

## **PARTES ASINANTES**

Concello de Cedeira e Asamblea local de Cruz Roja Cedeira

## **OBJECTO**

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira

## **PRAZO DE DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización ata o final do ano.

Data da firma do convenio: 28 de outubro de 2016

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

A entidade da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira virá obrigada a:

- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente
- Xustificar a subvención nos termos establecidos no convenio
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación de 3.000,00 €

Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira, en particular:

- Gastos de electricidade
- Gastos de teléfono e ADSL

- Productos sanitarios
- Productos de limpeza
- Material de oficina
- Combustible
- Seguros
- Vestiarío
- Material de equipo de socorrismo
- Reparacións e adaptacións de vehículos

Non están incluídas as atencións protocolarias, agasallos e de similar natureza.